


2022

ASOCIACIÓN DEPORTIVO
CULTURAL AS MARIÑAS

Colabora ANPA Bidueiro



A.D.C. AS MARIÑAS

[PROXECTO DO CAMPAMENTO XOGA E COOPERA 2022]

Índice

Índice	1
Presentación	2
Datas de desenvolvemento	3
Grupos de idade	3
Obxectivos	3
Metodoloxía	4
Instalacións do campamento	5
Programa de actividades	5
Equipo de traballo	7
Menú do campamento	8
Protocolos e pautas de actuación.	9

Presentación

O Campamento de verán Xoga e Coopera está organizado pola Asociación Deportiva As Mariñas coa colaboración da ANPA BIDUEIRO do 27 de xuño ó 22 de xullo do 2022.

A Asociación Deportiva As Mariñas é unha asociación deportiva e cultural sen ánimo de lucro que se constitúe no ano 2009. Dita Asociación é creada por un grupo de pais e nais despois de detectar unha necesidade no ámbito deportivo-cultural nunha etapa fundamental da vida dos nenos e nenas. Dende As Mariñas presentamos este proxecto que conta cunha gran experiencia na organización e realización de actividades para nenos/as, sendo un dos obxectivos principais a educación no gozar do tempo libre no seu período vacacional.

Durante este mes tentaremos ocupar o tempo libre dos nenos/as da forma máis divertida. Para iso temos preparadas excursións, saídas á praia ou ó bosque, actividades deportivas, artísticas, lúdicas, teatrais e algunhas en lingua inglesa procurando manter sempre un equilibrio entre diversión e aprendizaxe.

Estas actividades están destinadas a estimular nos nenos/as as interrelacións humanas, así como as súas iniciativas no campo do deporte, o coidado da natureza, a cultura, etc.

Queremos destacar que a ANPA BIDUEIRO e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, non terán ningún tipo de responsabilidade, dado que non son organizadores do evento. A ANPA só será ligazón entre As Mariñas e as familias asociadas e, a Xunta de Galicia só cederá o uso das súas instalacións polo que o seu nivel de implicación será unicamente colaborativo.

Datas de desenvolvemento

O campamento levarase a cabo desde o 27 de Xuño ata o 22 de Xullo do 2022.

Grupos de idade

O campamento vai dirixido a nenos/as entre os 3 e os 12 anos. No caso de que o número de alumnado así o permita dividiremos os grupos de acordo a proximidade na idade. De igual forma, trataremos de desenvolver nos máis maiores as capacidades de responsabilidade e titorización dos máis novos para lograr os obxectivos propostos. Debe saberse que se realizarán actividades en equipo para favorecer a cooperación no alumnado.

Obxectivos

O obxectivo xeral do proxecto é ofrecer un servizo de carácter educativo, dirixido ao neno/a, para que este poida seguir desenvolvendo as súas capacidades motrices, cognitivas e sociais. As actividades para ambos os grupos de idade teñen como obxectivo cumprir os seguintes propósitos:

1. Completar a formación integral dos nenos/as, tentando que teñan o maior número de experiencias motrices e intelectuais.
2. Encher o seu tempo de lecer dunha maneira amena e proveitosa. Ademais, o xogo será o piar de estas horas.
3. Mellorar as relacións entre nenos/as e a contorna.
4. Aprender a traballar en equipo na procura de obxectivos comúns con responsabilidade nas funcións propias e nas dos integrantes do grupo. Asumir roles e aceptar a diversidade dos participantes.
5. Dar espazo ao desenvolvemento da creatividade.

Outros obxectivos xerais que abarcamos son:

- Facilitar a convivencia, solidariedade, amizade, comunicación, etc. dun xeito lúdico e atractivo.
- Fomentar e potenciar as cualidades deportivas e artísticas.
- Potenciar un espazo de lecer saudable aos nenos/as que promova o desenvolvemento educativo, persoal e social.
- Realizar actividades de lecer saudable, que respondan ós criterios da educación en valores de integración e non discriminación, así como fomento do deporte e hábitos saudables.
- Fomentar o respecto medioambiental.

Metodoloxía

A aprendizaxe a través do xogo é unha das bases fundamentais da nosa metodoloxía; en calquera tipo de actividade, taller, logro ou tarefa, por simple que pareza, van implícitos compoñentes educativos e lúdicos, procurando transmitir que das cousas máis sinxelas consigamos hábitos sans e saudables e que poidan poñer en práctica noutros ámbitos distintos do habitual.

A nosa metodoloxía será activa e participativa, porque en cada unha das nosas actividades tentaremos que todos os nenos/as participen por igual, facéndoos protagonistas e respectando o seu desenvolvemento psico-social. A experimentación no medio será o complemento perfecto para educación formal, xa que este non dispón de tempo para abarcar esta posibilidade.

Consideramos que o simple feito de que os nenos e nenas estean en contacto con outros iguais e noutros contextos, fóra da súa zona de confort, xa lles proporciona unha experiencia vivencial que lles pode achegar moitas aprendizaxes.

O funcionamento e as actividades establecidas na nosa proposta de campamento pode variar dependendo das características dos participantes que recibamos, coa finalidade de adaptarse e cumprir os seus intereses, necesidades e expectativas.

Instalacións do campamento

O campamento levarase a cabo nas instalacións do CEIP Isidro Parga Pondal, sempre que nos autoricen o seu uso. Solicitamos os seguintes espazos:

- Ate tres aulas (biblioteca, aula de música e aula de psicomotricidade):
 - Máximo 25 nenos/as por aula.
 - As pertenzas dos nenos/as serán gardados no colgadoiro en bolsas individualizadas.
 - Utilizaranse as aulas en actividades do proxecto en caso de que non se poida realizar ó aire libre.
 - Uso baños contiguos.
 - Sinalizaranse os aseos para cada aula serán utilizados por un máximo de 2 nenos/as ó mesmo tempo.
- O espazo do comedor utilizaranse para:
 - Servizo de madrugadores: Horario de 07:45 a 09:00 horas.
 - Servizo de comedor: Horario 14:00 a 15:00 horas.
 - Aula principal (máximo 30 alumnos/as).
- Pavillón para:
 - Actividade deportiva ou no caso de que faga mal tempo como outro espazo maiores.

Programa de actividades

O campamento divídese en proxectos semanais que se organizan en base a temáticas (olimpíadas, orientación, reciclaxe, etc.) e trataremos de que estean relacionados coas actividades e excursións levadas a cabo durante cada semana. As actividades agruparanse nos seguintes bloques:

- ❖ Talleres semanais distribuídos nos seguintes tipos:
 - ❖ Entre tarteiras. Trataremos de que o alumnado poda levar a cabo comidas de fácil elaboración para que gocen e valoren o elaboración dos alimentos.

- ❖ Ciencias. A ciencia ocupa un lugar moi importante na nosa vida e favorecen o desenvolvemento das civilizacións. A pretensión é acercar aos cativos conceptos sinxelos pero de utilidade a través da experimentación.
- ❖ Artesáns. A través do traballo con barro sempre é moi lúdico e relaxante, ademais permítenos que as cativas/os creen dándolle peso a creatividade.
- ❖ Drons. Este ano temos a sorte de contar con esta tecnoloxía que xera gran atracción a pequenos e maiores polas súas posibilidades de implantación na sociedade actual e futura.

- ❖ Actividades deportivas. Pilar das capacidades motrices e fundamental para o desenvolvemento integral. Dende xogos adaptados para os máis pequenos ate deportes como fútbol, voleibol, tenis, bádminton...
- ❖ Xogos básicos, de presentación, de distensión, de expresión corporal, etc. Fundamentais para a socialización e aceptación das diferenzas.
- ❖ Xogos de coñecemento da entorna, de orientación, pistas, etc.
- ❖ Excursións ou visitas culturais. Son moitas as posibilidades, pero dependemos das condicións para a elección.
 - ✓ Casa dos Peixes.
 - ✓ Casa das Ciencias.
 - ✓ Casa do Home (Domus).
 - ✓ Bombeiros de A Coruña.
 - ✓ Cristalería El Refejo.
 - ✓ Panadería Sanbrandan.
 - ✓ Cine.
 - ✓ Urban Planet.
 - ✓ Muncyt.
 - ✓ Granxa "O cancelo".
 - ✓ Faro de Mera.

- ✓ Surf Praia Bastiagueiro.
 - ✓ Pádel Surf Santa Cristina.
 - ✓ Bolera Santa Cristina.
 - ✓ Aquapark Cerceda.
 - ✓ Urban Planet Oleiros.
- e moitas máis.

Equipo de traballo

Para o desenvolvemento do campamento, As Mariñas achegará o persoal suficiente e cualificado para atender ás prestacións do servizo, asumindo todos os custos derivados da relación contractual do devandito persoal, así como todas as responsabilidades, tanto de feitos susceptibles de producilas, como das relacións laborais do devandito persoal, que en ningún caso terá ningún tipo de vinculación laboral coa ANPA ou o CEIP Isidro Parga Pondal.

A continuación, detállanse as funcións do equipo:

Coordinador:

- Ser a persoa coa que se comuniquen as familias cando ocorra algunha incidencia ou se requira información.
- Informar diariamente á ANPA sobre as incidencias nas actividades programadas no horario e forma que se acorde ó comezo do Campamento.
- Estar atento aos conflitos que xurdan.
- Coordinar e apoiar o traballo educativo do grupo de monitores.
- Manter os obxectivos marcados no proxecto presentado.
- Todas as funcións que se consideren necesarias para o desenvolvemento do seu labor.

🚦 Monitores/as:

As Mariñas proporcionará monitores ou monitoras para cumprir a ratio específica. Esixindo ós monitores que teñan a experiencia mínima de ter participado polo menos en dous campamentos cunha duración superior a un mes cada un.

Serán funcións entre outras, as seguintes:

- Ser responsable do grupo de referencia que se lle asigne.
- Velar pola seguridade dos participantes.
- Asegurar o seguimento das normas elaboradas.
- Facer o seguimento sanitario e de hixiene de cada participante.
- Estimular e potenciar o traballo en grupo.
- Realizar un seguimento personalizado de cada participante.
- Potenciar a participación.
- Todas as funcións que se consideren necesarias para o desenvolvemento do seu traballo.

🚦 Persoal de cociña:

Haberá unha ou dúas persoas na cociña ó longo do campamento (dependendo do número de participantes), contratadas pola empresa colaborado e que se fará cargo do servizo alimenticio e comidas. Os monitores con formación en manipulación de alimentos serán os encargados de coidar y vixiar aos nenos/as no servizo de comedor.

Menú do campamento

O réxime alimenticio para este campamento achéganolo a empresa contratada, ao igual que o pasado ano trataremos de que se lle dea continuidade á mesma empresa que leva este servizo durante o curso escolar, que conta cunha ampla experiencia no sector.

Adaptaranse ó menú proposto, atendendo moi pormenorizadamente ás alerxias, intolerancia e/ou preceptos relixiosos.

O menú presenta unha dieta variada e equilibrada avalada por técnicos con formación en nutrición.

Protocolos e pautas de actuación.

Achegaranse no momento de asinar o contrato.